

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 24 DE AGOSTO DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e catro de agosto de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa en funcións, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e a Interventora Xeral Municipal accidental, dona María Baza Poudereux, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para restauración do tellado e das fachadas da Ccapela do Carme, sita na rúa do Carme, numero 1 (exp. 2022/Y001/000089) e para modificación da composición das fachadas e colocación de novas fiestras na rúa do Bo Xesús, número 6 (exp. 2022/Y001/000231).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a segunda prórroga do contrato para a subministración de produtos químicos para mantemento da auga das piscinas municipais, exp. ref. 2020/C004/000005, que vai dende o día 16-10-2022 ata o 15-10-2023.

Tamén se acorda a segunda e derradeira prórroga da contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde no contrato do servizo de reparación, conservación e mantemento das instalacións deportivas municipais, exp. ref. 2020/C003/000047, que vai dende o 16-10-2022 ata o 15-10-2023.

Acórdase a adjudicación na contratación da subministración dun conxunto escultórico dedicado ás polbeiras para situar na ronda da Muralla (a Mosqueira), exp. ref. 2022-C004-000010.

Así mesmo, acordase a prórroga do contrato dende o 17/9/2022 ata o 16/9/2023 na contratación do servizo de vixilancia do Parque da Milagrosa (Lugo), exp. ref. 2021-C003-000012.

Do mesmo xeito, acórdase a adjudicación na contratación da obra mellora

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac314214107901112532.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24-8-2022

do firme das estradas de acceso aos núcleos rurais de sta. maría de alta e matelo (Sta. María de Alta), obra incluída no plan provincial único de cooperación, exp. ref. 2022-C002-000012.

3. PERSOAL.- Acórdase o nomeamento como funcionaria de carreira do Excmo. Concello de Lugo para desempeñar a praza de arquitecta técnica (grupo de titulación: grupo A (subgrupo A2); escala: administración especial; subescala: técnica; clase: media.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

4. DEPORTES.- Acórdase a iniciación e adxudicación de subvención previstas nominativamente no orzamento polo procedemento de concesión directa mediante convenio a favor da entidade Ensino, C.B.

Acórdase a iniciación e adxudicación de subvención previstas nominativamente no orzamento polo procedemento de concesión directa mediante convenio a favor de Escudería Miño.

Tamén se acorda a iniciación e adxudicación de subvención previstas nominativamente no orzamento polo procedemento de concesión directa mediante convenio a favor da Entidade Estudiantes, C.B.

Do mesmo xeito, acórdase a iniciación e adxudicación de subvención previstas nominativamente no orzamento polo procedemento de concesión directa mediante convenio a favor da entidade triatlón cidade de Lugo Fluvial.

Así mesmo, acórdase a iniciación e adxudicación de subvención previstas nominativamente no orzamento polo procedemento de concesión directa mediante convenio a favor da entidade Club Natación Portamiñá.

5. DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE.- Acórdase a aprobación, execución, compromiso de cofinanciamento 2023, e aprobación das bases de contratación persoal obradoiro de emprego "Lugosostible 5.0".

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

6. CULTURA.- Acórdase a aprobación do convenio regulador de subvención de carácter nominativo a: Círculo das Artes por importe de 5.500,00 € para a "Celebración de actos culturais no Salón Rexio".

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

7. PARATICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.- Acórdase a inclusión de altas omitidas no rexistro de persoal vendedoras no mercado tradicional do ano 2022 e corrección dos metros concedios

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.